

O PASO DO TEMPO

Neste trimestre un dos obxectivos que imos traballar é “Ordenar imaxes no tempo e coñecer accións que ocorren en distintos momentos”.

Para recoñecer como pasa o tempo, imos traballar en primeiro lugar, con fotos de Sergio no tempo.

1. Actividade.

Atopar fotos de Sergio de cando era pequeno e de agora. Comprobamos si se recoñece nas fotos de adolescente preguntándolle -quen é o da foto?-. Logo mostramos outra de máis cativo e volvemos a preguntar, si non se recoñece explicamos que é el de cativo.

Vamos ordenalas en secuencias de tres imaxes.

- Facemos unha táboa nun folio como esta, mostramos as tres fotos e pedímoslle que as ordene.
- Unha vez que teña comprendido a orde das fotos podemos cambialas por outras distintas, para ver se tamén é quen de ordenalas. Incluso podemos empregar fotos doutro familiar.

1º BEBE	2º NENO	3º ADOLESCENTE
--------------------	--------------------	---------------------------